

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27016200	IES Poeta Díaz Castro	Guitiriz	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	2º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	21
4.2. Materiais e recursos didácticos	22
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	22
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	23
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	24
6. Medidas de atención á diversidade	25
7.1. Concreción dos elementos transversais	26
7.2. Actividades complementarias	26
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	27
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	29
9. Outros apartados	29

## 1. Introducción

Esta programación vai dirixida ao alumnado de 2ºESO do IES Poeta Díaz Castro (Guitiriz). Son un total de 39 alumnos e alumnas que están distribuídos en dous grupos: 2ºESO A e 2ºESO B.

Os profesores encargados de impartir a materia serán Jairo González Fernández, en 2ºESO A, e Fernando Ulla Lorenzo, en 2ºESO B.

O alumnado traballará sobre os retos clave do mundo actual como o desafío demográfico, o proceso de urbanización, a distribución da riqueza e a igualdade entre homes e mulleres desde unha perspectiva integradora que permita comprender as dinámicas xeopolíticas e socioeconómicas actuais. Empregarase un enfoque multicausal que relacione os condicionantes físicos, os medios humanos e os recursos do planeta e as consecuencias da súa explotación. A paisaxe, como ente complexo, sociocultural e fenomenolóxico, será a liña transversal que unirá os contidos expostos.

No apartado histórico estudaranse a Idade Media e Moderna. Abordarase o esencial de ambas etapas prescindindo de datos concretos ou descrições pormenorizadas para profundar nas estruturas histórico-culturais herdadas ou renovadas, e as súas consecuencias políticas e socioeconómicas. Polo tanto, tamén se abordará a distinta concreción circunstancial no tempo dado, no marco mundial e especialmente no europeo, onde deberemos salienta os procesos históricos acontecidos nos distintos Estados peninsulares ibéricos, e en particular en Galicia. Terán relevancia, de novo, os contidos e obras artísticas de cada período, centrándose en exemplificacións do ámbito peninsular e galego.

Por último, no bloque de "compromiso cívico local e global" traballaranse aspectos doutros ámbitos asociados ao desenvolvemento persoal do alumnado, como poden ser o sentido da responsabilidade, o desenvolvemento do espírito crítico, a capacidade para crear unha opinión propia ou sentirse parte activa do devir da sociedade. Estas dimensións son fundamentais para a formación integral, tanto polo sentido que lle outorga ao resto dos saberes, aos cales complementa e lles dá significado, como pola súa proxección social e cidadá. Entre outros, destacan contidos como os dereitos universais, a igualdade de xénero, o correcto uso das TIC, a cultura democrática e a solidariedade, ou a cidadanía europea.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.	2-3		4	1-2		1		
OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.	1-2			2		1-3	3	3
OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos cales se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas a que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.			3-4-5		3	3-4	1	1

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.					2	1-2-3-4	1	
OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.	5					1-2		1
OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural en que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e da inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.	5				3	1-2-3		1
OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.		3			1	1-2-3		1
OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e coa contorna.			5	4	2-5	1-2-3		
OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, das súas institucións e doutras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.	2					1-2-3-4	1	1

**Descrición:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Alta Idade Media: Bizantinos, xermánicos e musulmáns	Nesta unidade analizaranse os cambios acontecidos durante a Alta Idade Media nos dous grandes ámbitos territoriais xurdidos tras a caída do imperio romano: o imperio bizantino en Oriente e os reinos xermánicos en Occidente, centrando a atención no reino suevo de Galicia, no reino visigodo e no imperio carolinxio. Tamén se estuda o islam, a terceira civilización xurdida no século VII no ámbito territorial do antigo imperio romano.	17	17	X		
2	O feudalismo. A península ibérica entre os séculos VIII e XI.	Esta unidade estruturase en dúas partes. Na primeira farase fincapé no período de formación do feudalismo entre os séculos IX e XI e no estudo da arte románica nas súas tres manifestacións principais: a arquitectura, a escultura e a pintura. Na segunda analizarase o que aconteceu na península ibérica entre os séculos VIII e XI: o espazo xeográfico de Al-Ándalus dende o 711 ata o 1031, a formación e evolución dos reinos cristiáns peninsulares entre os anos 722 e 1035 e as principais manifestacións culturais e artísticas.	16	16	X		
3	Renovación e crise do mundo feudal	Nesta unidade analizaranse: os cambios experimentados polo sistema feudal en Europa dende os séculos XI-XII; o rexurdir urbano e o crecente papel da burguesía; o proceso de recuperación e fortalecemento do poder dos reis; as principais dificultades dos séculos XIV e XV; a renovación cultural e relixiosa; e as principais características da arte gótica.	17	17		X	
4	A Península Ibérica entre os séculos XI e XV.	Nesta unidade abórdase a evolución histórica na península ibérica entre os séculos XI e XV: primeiro en al-Ándalus, onde se explica a situación do reino de Granada e as súas principais manifestacións artísticas; posteriormente, a dos reinos cristiáns peninsulares, onde se analizan os trazos da súa situación política, económica e social e as súas principais manifestacións culturais e artísticas. Por último, analizarase a situación do reino medieval de Galicia.	16	16		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Os inicios da Idade Moderna e o Renacemento	Nesta unidade imos coñecer: o Humanismo e o Renacemento, movementos que transformaron o pensamento e a sociedade da Europa do século XVI; o reinado dos Reis Católicos, os proxectos europeos para chegar ás Indias; a ruptura da unidade relixiosa que se produciu na Igrexa católica; e os trazos máis significativos da arte renacentista	15	17			X
6	A monarquía hispánica e a Europa do Barroco	Nesta unidade imos coñecer: os principais acontecementos dos reinados dos monarcas da dinastía dos Austrias en España; as características do absolutismo e do parlamentarismo; os trazos da ciencia moderna; e as características e legado artístico do Barroco.	13	15			X
7	Demografía e urbanismo. Retos actuais.	Nesta unidade centrarémonos: nos movementos naturais da poboación; nos movementos migratorios; nos diferentes comportamentos das poboacións do mundo e da súa evolución; na distribución da poboación no territorio e nas formas de poboamento. A análise farase a nivel mundial, en Europa, en España e en Galicia.	6	7			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Alta Idade Media: Bizantinos, xermánicos e musulmáns	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Entende os aspectos culturais máis básicos do Imperio bizantino.	PE	50
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos (das épocas medieval e moderna), valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Comprende a relevancia do Reino Visigodo e do Reino Suevo na historia de España e Galicia, respectivamente.		
CA2.5 - Recoñecer as desigualdades sociais existentes en épocas pasadas e os mecanismos de dominación e control que se aplicaron, identificando aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a outros colectivos discriminados.	Entende os trazos básicos da organización da sociedade musulmá.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.6 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia medieval e moderna coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Comprende os trazos básicos da cultura europea e islámica.		
CA3.6 - Sinalar os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común da cidadanía europea.	Coñece a relevancia do Imperio carolinixio como precedente da idea de Europa.		
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	É capaz de diferenciar entre fontes primarias e secundarias.	TI	50
CA2.2 - Utilizar unha secuencia cronolóxica co obxecto de examinar a relación entre feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade e duración), utilizando termos e conceptos apropiados.	Sabe elaborar eixes cronolóxicos sobre as invasións bárbaras e os reinos xermánicos, e tamén sobre a evolución da arte medieval.		
CA2.3 - Analizar procesos de cambio histórico de relevancia a través do uso de diferentes fontes de información, tendo en conta as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Identifica nun mapa as invasións bárbaras.		
CA2.7 - Identificar a orixe histórica de distintas identidades colectivas que se desenvolveron en España e Galicia, interpretando o uso que se fixo delas e mostrando unha actitude de respecto e tolerancia cara aos diferentes sentidos de pertenza, promovendo a solidariedade e a cohesión social.	É capaz de identificar os trazos esenciais da arte hispanovisigoda.		
CA2.8 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Valora a importancia do patrimonio artístico, histórico e cultural na sociedade actual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo. Roles de xénero e a súa manifestación en todos os ámbitos da sociedade e da cultura.</li> <li>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.</li> <li>- Violencia e conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna. Os civís durante as guerras.</li> <li>- Autoridade e complexidade social durante a Idade Media e a Idade Moderna. Os estamentos.</li> <li>- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo medieval e moderno. Evolución da teoría do poder.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica.</li> <li>- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades. Herexías, persecucións e guerras de relixión.</li> <li>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social du</li> <li>- España no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia medieval e moderna da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. Galicia na Idade Media: a era compostelá e as crises baixomedievais.</li> <li>- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. O barroco galego. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.</li> <li>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.</li> <li>- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	O feudalismo. A península ibérica entre os séculos VIII e XI.	16

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Entende os aspectos culturais máis básicos de Al-Ándalus.	PE	50
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos (das épocas medieval e moderna), valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Comprende os principais feitos históricos da Idade Media peninsular e galega entre os séculos VII e XI.		
CA2.5 - Recoñecer as desigualdades sociais existentes en épocas pasadas e os mecanismos de dominación e control que se aplicaron, identificando aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a outros colectivos discriminados.	Entende os trazos básicos do sistema feudal e da súa organización social.		
CA2.6 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia medieval e moderna coas diversas identidades colectivas que se foron construindo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Asimila os trazos básicos da arte románica.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas, e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvolvidas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	Identifica os cambios territoriais ocorridos na Idade Media peninsular a través de mapas históricos.		
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	É capaz de diferenzar entre fontes primarias e fontes secundarias.		
CA2.2 - Utilizar unha secuencia cronolóxica co obxecto de examinar a relación entre feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade e duración), utilizando termos e conceptos apropiados.	Elabora eixos cronolóxicos sobre a evolución de Al-Andalus e dos reinos cristiáns.		
CA2.3 - Analizar procesos de cambio histórico de relevancia a través do uso de diferentes fontes de información, tendo en conta as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Identifica mapas sobre a conquista da península ibérica por parte dos musulmáns e sobre o avance dos reinos cristiáns na península ibérica entre os séculos VIII e XII.		
CA2.7 - Identificar a orixe histórica de distintas identidades colectivas que se desenvolveron en España e Galicia, interpretando o uso que se fixo delas e mostrando unha actitude de respecto e tolerancia cara aos diferentes sentidos de pertenza, promovendo a solidariedade e a cohesión social.	Asimila a herdanza andalusí na cultura e sociedade actuais.	TI	50
CA2.8 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Valora a importancia do patrimonio artístico, histórico e cultural na sociedade actual.		
CA3.2 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Elabora un proxecto, oral ou escrito, no que sintetiza os elementos básicos do feudalismo.		
CA3.6 - Sinalar os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común da cidadanía europea.	Coñece a orixe do Camiño de Santiago e valora o seu papel no intercambio cultural e artístico que a Península mantivo co resto de Europa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

### Contidos

- Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo. Roles de xénero e a súa manifestación en todos os ámbitos da sociedade e da cultura.

**Contidos**

- A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral, cidadá e á convivencia social.
- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.
- Violencia e conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna. Os civís durante as guerras.
- Autoridade e complexidade social durante a Idade Media e a Idade Moderna. Os estamentos.
- A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica.
- España no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia medieval e moderna da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. Galicia na Idade Media: a era compostelá e as crises baixomedievais.
- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. O barroco galego. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.
- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.
- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.
- Ciclos vitais, uso do tempo libre e hábitos de consumo. Diferenzas e cambios nas formas de vida nas sociedades actuais e nas do pasado.
- Cidadanía europea. Ideas e actitudes no proxecto de construción dunha identidade común. A seguridade e a cooperación internacional.

UD	Título da UD	Duración
3	Renovación e crise do mundo feudal	17

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Coñecer e interpretar os comportamentos demográficos da poboación, os cambios que experimentou e os seus ciclos, identificando e analizando os principais problemas e retos a que nos enfrontamos no mundo e en España e Galicia.	Entende o ciclo demográfico antigo.		
CA2.5 - Recoñecer as desigualdades sociais existentes en épocas pasadas e os mecanismos de dominación e control que se aplicaron, identificando aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a outros colectivos discriminados.	Recoñece os cambios sociais da Baixa Idade Media e os enfrontamentos civís provocados polos mesmos.	PE	50
CA2.6 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia medieval e moderna coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Asimila os trazos básicos da arte gótica.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.3 - Sinalar e explicar aquelas experiencias históricas máis destacables, e anteriores á época contemporánea, nas cales se logrou establecer sistemas políticos que favoreceron o exercicio de dereitos e liberdades dos individuos e da colectividade, considerándoas como antecedentes das posteriores conquistas democráticas e referentes históricos das liberdades actuais.	Comprende o ascenso da burguesía como novo grupo dentro da sociedade estamental.		
CA1.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Asimila os trazos fundamentais da arte gótica.	TI	50
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Diferencia entre fontes primarias e secundarias sobre a Baixa Idade Media.		
CA2.3 - Analizar procesos de cambio histórico de relevancia a través do uso de diferentes fontes de información, tendo en conta as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Identifica mapas históricos relacionados coa expansión comercial baixomedieval.		
CA2.8 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Valora a importancia do patrimonio artístico, histórico e cultural na sociedade actual.		
CA3.2 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Realiza unha exposición, oral ou escrita, sobre a Peste Negra en Europa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo. Roles de xénero e a súa manifestación en todos os ámbitos da sociedade e da cultura.</li> <li>- A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral, cidadá e á convivencia social.</li> <li>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.</li> <li>- Violencia e conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna. Os civís durante as guerras.</li> <li>- Autoridade e complexidade social durante a Idade Media e a Idade Moderna. Os estamentos.</li> <li>- A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica.</li> <li>- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades. Herexías, persecucións e guerras de relixión.</li> <li>- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. O barroco galego. Diversidade</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.</li> <li>- Ciencia, medicina e avances tecnolóxicos. A loita contra epidemias e pandemias. Racionalismo e empirismo na explicación da realidade fronte ás supersticións.</li> <li>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.</li> <li>- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.</li> <li>- Cidadanía europea. Ideas e actitudes no proxecto de construción dunha identidade común. A seguridade e a cooperación internacional.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	A Península Ibérica entre os séculos XI e XV.	16

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos (das épocas medieval e moderna), valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Comprende os principais feitos históricos da Idade Media na península ibérica e en Galicia entre os séculos XI e XV.	PE	50
CA2.6 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia medieval e moderna coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Comprende os trazos básicos da arte gótica na península ibérica e identifica obras relevantes.		
CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas, e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvolvidas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	Identifica os cambios territoriais ocorridos na Idade Media peninsular a través de mapas históricos.	TI	50
CA1.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Entende que a convivencia, na península ibérica, de tres culturas (musulmá, xudía e cristiá) foi un factor de enriquecemento cultural durante a Idade Media.		
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Diferencia fontes primarias e secundarias sobre a Reconquista.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Utilizar unha secuencia cronolóxica co obxecto de examinar a relación entre feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade e duración), utilizando termos e conceptos apropiados.	Logra elaborar un eixe cronolóxico sobre a evolución da arte medieval.		
CA2.3 - Analizar procesos de cambio histórico de relevancia a través do uso de diferentes fontes de información, tendo en conta as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Identifica mapas históricos relacionados coa expansión territorial e a consolidación dos reinos cristiáns.		
CA2.7 - Identificar a orixe histórica de distintas identidades colectivas que se desenvolveron en España e Galicia, interpretando o uso que se fixo delas e mostrando unha actitude de respecto e tolerancia cara aos diferentes sentidos de pertenza, promovendo a solidariedade e a cohesión social.	Asimilar a herdanza andalusí na cultura e sociedade actuais.		
CA2.8 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Valora a importancia do patrimonio artístico, histórico e cultural na sociedade actual.		
CA3.6 - Sinalar os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común da cidadanía europea.	Valora a importancia do Camiño de Santiago no desenvolvemento económico do norte peninsular e como instrumento fundamental no intercambio cultural e artístico que a Península mantivo co resto de Europa na época medieval.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo. Roles de xénero e a súa manifestación en todos os ámbitos da sociedade e da cultura.</li> <li>- A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral, cidadá e á convivencia social.</li> <li>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.</li> <li>- Violencia e conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna. Os civís durante as guerras.</li> <li>- Autoridade e complexidade social durante a Idade Media e a Idade Moderna. Os estamentos.</li> <li>- A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica.</li> <li>- España no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia medieval e moderna da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. Galicia na Idade Media: a era compostelá e as crises baixomedievais.</li> <li>- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. O barroco galego. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.</li> <li>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.</li> <li>- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
- Cidadanía europea. Ideas e actitudes no proxecto de construción dunha identidade común. A seguridade e a cooperación internacional.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Os inicios da Idade Moderna e o Renacemento	17

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Entende o papel do humanismo e a secularización social como aspectos chave da Idade Moderna.	PE	50
CA2.3 - Analizar procesos de cambio histórico de relevancia a través do uso de diferentes fontes de información, tendo en conta as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Comprende as características esenciais do Humanismo, o Renacemento e a Reforma protestante.		
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos (das épocas medieval e moderna), valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Comprende os principais feitos históricos da Monarquía Hispánica e as consecuencias que tivo para España a conquista de América.		
CA2.7 - Identificar a orixe histórica de distintas identidades colectivas que se desenvolveron en España e Galicia, interpretando o uso que se fixo delas e mostrando unha actitude de respecto e tolerancia cara aos diferentes sentidos de pertenza, promovendo a solidariedade e a cohesión social.	Reflexiona sobre as orixes da idea de España na monarquía dos Reis Católicos e sinala os trazos básicos das civilizacións precolombianas e a súa influencia na sociedade posterior á conquista europea do continente.		
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Comprende o impacto na actualidade das diferentes relixións protestantes.	TI	50
CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas, e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvolvidas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	Entende o proceso de colonización de América e a explotación dos seus recursos naturais.		
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Diferencia entre fontes primarias e secundarias sobre a conquista e colonización do continente americano.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.5 - Recoñecer as desigualdades sociais existentes en épocas pasadas e os mecanismos de dominación e control que se aplicaron, identificando aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a outros colectivos discriminados.	É capaz de comprender a heteroxeneidade da sociedade hispánica moderna e identificar as desigualdades xeradas polo sistema colonial en América.		
CA2.6 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia medieval e moderna coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Identifica os lugares de difusión de cada unha das relixións protestantes.		
CA2.8 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Asimila os trazos básicos da arte do Renacemento.		
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	É capaz de comprender a heteroxeneidade do Renacemento tras a súa difusión por Europa.		
CA3.6 - Sinalar os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común da cidadanía europea.	Entende ao Humanismo como precedente dos valores cívicos e democráticos actuais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Competencia e conflito polos recursos e o territorio. Mercados rexionais, políticas comerciais e movementos migratorios. Tensións internacionais, choques e alianzas entre civilizacións.</li> <li>- A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral, cidadá e á convivencia social.</li> <li>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.</li> <li>- Violencia e conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna. Os civís durante as guerras.</li> <li>- Autoridade e complexidade social durante a Idade Media e a Idade Moderna. Os estamentos.</li> <li>- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo medieval e moderno. Evolución da teoría do poder.</li> <li>- A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica.</li> <li>- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades. Herexías, persecucións e guerras de relixión.</li> <li>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social du</li> </ul>



<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A disputa pola hexemonía e a xeopolítica no nacemento e evolución da modernidade. Viaxes, descubrimentos e sistemas de intercambio na formación dunha economía mundial.</li> <li>- España no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia medieval e moderna da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. Galicia na Idade Media: a era compostelá e as crises baixomedievais.</li> <li>- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. O barroco galego. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.</li> <li>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.</li> <li>- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.</li> <li>- Ciclos vitais, uso do tempo libre e hábitos de consumo. Diferenzas e cambios nas formas de vida nas sociedades actuais e nas do pasado.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	A monarquía hispánica e a Europa do Barroco	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos (das épocas medieval e moderna), valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Comprende os principais feitos históricos da Monarquía Hispánica.		
CA2.6 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia medieval e moderna coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Identifica as achegas esenciais da revolución científica moderna.		
CA2.7 - Identificar a orixe histórica de distintas identidades colectivas que se desenvolveron en España e Galicia, interpretando o uso que se fixo delas e mostrando unha actitude de respecto e tolerancia cara aos diferentes sentidos de pertenza, promovendo a solidariedade e a cohesión social.	Sinala os trazos básicos das civilizacións precolombianas e a súa influencia na sociedade posterior á conquista europea do continente.	PE	50
CA2.8 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	É capaz de sinalar os trazos máis significativos da arte barroca europea, española e galega.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Sinalar e explicar aquelas experiencias históricas máis destacables, e anteriores á época contemporánea, nas cales se logrou establecer sistemas políticos que favoreceron o exercicio de dereitos e liberdades dos individuos e da colectividade, considerándoas como antecedentes das posteriores conquistas democráticas e referentes históricos das liberdades actuais.	Comprende as diferenzas básicas entre o absolutismo e o parlamentarismo no século XVII.		
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Analiza criticamente a identidade cultural do mundo hispanofalante, logra debater sobre as consecuencias actuais da conquista e colonización de América.		
CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas, e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvolvidas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	Entende o proceso de colonización de América e a explotación dos seus recursos naturais.		
CA1.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Coñecer as causas e consecuencias máis relevantes da Guerra dos 30 anos.	TI	50
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Diferencia entre fontes primarias e secundarias sobre a Monarquía Hispánica.		
CA2.5 - Recoñecer as desigualdades sociais existentes en épocas pasadas e os mecanismos de dominación e control que se aplicaron, identificando aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a outros colectivos discriminados.	É capaz de comprender a heteroxeneidade da sociedade hispánica moderna.		
CA3.6 - Sinalar os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común da cidadanía europea.	Entender a relevancia da aparición dos réximes parlamentarios na Europa do século XVII.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Competencia e conflito polos recursos e o territorio. Mercados rexionais, políticas comerciais e movementos migratorios. Tensións internacionais, choques e alianzas entre civilizacións.</li> <li>- Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo. Roles de xénero e a súa manifestación en todos os ámbitos da sociedade e da cultura.</li> <li>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.</li> <li>- Violencia e conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna. Os civís durante as guerras.</li> </ul>

## Contidos

- Autoridade e complexidade social durante a Idade Media e a Idade Moderna. Os estamentos.
- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo medieval e moderno. Evolución da teoría do poder.
- A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica.
- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades. Herexías, persecucións e guerras de relixión.
- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social du
- A disputa pola hexemonía e a xeopolítica no nacemento e evolución da modernidade. Viaxes, descubrimentos e sistemas de intercambio na formación dunha economía mundial.
- España no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia medieval e moderna da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. Galicia na Idade Media: a era compostelá e as crises baixomedievais.
- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. O barroco galego. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.
- Ciencia, medicina e avances tecnolóxicos. A loita contra epidemias e pandemias. Racionalismo e empirismo na explicación da realidade fronte ás supersticións.
- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.
- Convivencia cívica e cultura democrática. Incorporación e implicación na sociedade civil en procesos democráticos. Participación en proxectos comunitarios.
- Ciclos vitais, uso do tempo libre e hábitos de consumo. Diferenzas e cambios nas formas de vida nas sociedades actuais e nas do pasado.

UD	Título da UD	Duración
7	Demografía e urbanismo. Retos actuais.	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas, e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvolvidas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	Analiza as causas das vagas migrotorias actuais, identifica o proceso de urbanización e os cambios ocorridos nas cidades ao longo da Historia e comprende as consecuencias que a contaminación do medio natural ten sobre a poboación do Terceiro Mundo.	PE	50
CA1.6 - Coñecer e interpretar os comportamentos demográficos da poboación, os cambios que experimentou e os seus ciclos, identificando e analizando os principais problemas e retos a que nos enfrontamos no mundo e en España e Galicia.	Diferencia os distintos modelos demográficos e os movementos naturais da poboación mundial mediante a análise de pirámides de poboación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que afectan a sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Comprende as causas principais que explican o avellentamento da poboación actual en España e Galicia.		
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Entende a evolución dos movementos migratorios mundiais dende o século XIX ata a actualidade, identifica o proceso de urbanización e os cambios ocorridos nas cidades ao longo da Historia e analiza e compara novas de prensa sobre problemas actuais.		
CA1.4 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Comprende os principais problemas ambientais e sociais propios do mundo urbano e rural, e indica algunha medida a realizar para mellorar a sociedade dende o punto de vista social ou ambiental.		
CA1.7 - Interpretar desde a perspectiva do desenvolvemento sustentable e da cidadanía global os principais desafíos do mundo actual, expresando a importancia de implicarse na procura de solucións e no modo de concretalos desde a súa capacidade de acción tanto local como global, valorando a contribución do Estado, as súas institucións e as asociacións civís en programas e misións dirixidos por organismos nacionais e internacionais para o logro da paz, a seguridade integral, a convivencia social e a cooperación entre os pobos.	Entende o papel da ONU e das ONGs no mantemento da paz, a convivencia e a cooperación internacional.		
CA2.5 - Recoñecer as desigualdades sociais existentes en épocas pasadas e os mecanismos de dominación e control que se aplicaron, identificando aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a outros colectivos discriminados.	Recoñece o papel da muller nos ciclos demográficos	TI	50
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Entende o impacto da emigración e inmigración na sociedade actual, debate sobre problemas actuais das cidades como a xentrificación, planificación urbana ou as megalópoles e realiza unha análise crítica de teorías acientíficas vixentes na sociedade actual.		
CA3.2 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	A través de fontes orais, comprende o impacto das migracións na súa contorna próxima.		
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Adopta unha postura crítica fronte discursos belicistas, xenófobos e discriminatorios.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Valora a importancia da diversidade social e cultural froito dos movementos migratorios.		
CA3.7 - Tomar conciencia do ciclo vital e analizar como cambiaron as súas características, necesidades e obrigas en distintos momentos históricos, así como as raíces da distribución por motivos de xénero do traballo doméstico, asumindo as responsabilidades e compromisos propios da idade no ámbito familiar, na contorna escolar e na comunidade, e valorando a riqueza que achegan as relacións interxeracionais.	Comprende a relación entre as melloras sociais e os cambios nos movementos naturais da poboación.		
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os obxectivos de desenvolvemento sustentable.	Valora o papel das Nacións Unidas e das institucións estatais e europeas na construción dun marco pacífico caracterizado polos valores democráticos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desafíos demográficos no mundo actual. Causalidade e comparación no estudo da diversidade social e cultural e das estruturas demográficas en distintas escalas: da global á local. Dinámica demográfica de Galicia.</li> <li>- Aglomeracións urbanas e ruralidade. O despoboamento e o sostemento do mundo rural. O desenvolvemento urbano sustentable: a cidade, o espazo de convivencia. Modos e estilos de vida no contexto da globalización.</li> <li>- Competencia e conflito polos recursos e o territorio. Mercados rexionais, políticas comerciais e movementos migratorios. Tensións internacionais, choques e alianzas entre civilizacións.</li> <li>- Concentración e distribución da riqueza. Formas e modos de percibir e representar a desigualdade. Liñas de acción para unha repartición xusta. A cuestión do mínimo vital.</li> <li>- Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo. Roles de xénero e a súa manifestación en todos os ámbitos da sociedade e da cultura.</li> <li>- A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral, cidadá e á convivencia social.</li> <li>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social du</li> <li>- Dignidade humana e dereitos universais. Convención sobre os Dereitos do Neno.</li> <li>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.</li> <li>- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.</li> <li>- Interese ante os retos e problemas de actualidade na contorna local e global.</li> <li>- As redes sociais. Seguridade e prevención ante os riscos e perigos do uso das tecnoloxías da información e da comunicación.</li> </ul>

## Contidos

- Convivencia cívica e cultura democrática. Incorporación e implicación na sociedade civil en procesos democráticos. Participación en proxectos comunitarios.
- Solidariedade, empatía e accións de apoio a colectivos en situacións de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social.
- Identificación e xestión das emocións e a súa repercusión en comportamentos individuais e colectivos.
- Ciclos vitais, uso do tempo libre e hábitos de consumo. Diferenzas e cambios nas formas de vida nas sociedades actuais e nas do pasado.
- Cidadanía europea. Ideas e actitudes no proxecto de construción dunha identidade común. A seguridade e a cooperación internacional.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Pretendemos desenvolver principios metodolóxicos que axuden ó alumnado a partir do que sabe e asumir o seu papel protagonista no proceso de aprendizaxe, a estimular a autonomía académica persoal e a desenvolver fórmulas de aprendizaxe cooperativa. Por iso, pretendemos favorecer o desenvolvemento das capacidades e competencias do alumnado a través da produción e elaboración de contidos e información orixinal ou materiais propios, sempre en colaboración con outros departamentos do centro e a través do uso de ferramentas TIC que permitan ao alumnado dar un paso máis nun proceso de ensinanza aprendizaxe que debe ser entendido como algo global e interrelacionado. Utilizarase unha metodoloxía variada, que combine métodos dedutivos e métodos indutivos. Os métodos dedutivos empregaranse cando se propoñan actividades nas que sexa necesario consultar diversas fontes de información, nestas actividades é conveniente reflexionar sobre o realizado, recompilar o que se aprendeu e analizar o avance en relación coas ideas previas. Os métodos indutivos serven para motivar ós alumnos mediante pequenos debates ao inicio das unidades, nos que se intentará detectar ideas previas ou preconcepcións do alumnado como produto da súa experiencia diaria e persoal, ou mediante a elaboración de informes individuais das actividades analizadas co uso de táboas de datos, gráficas, material bibliográfico utilizado e conclusións.

Partirase do nivel de coñecementos do alumnado, para o que se fará unha avaliación inicial ao comezo de cada unidade, e terase en conta a diversidade, respectando os ritmos e estilos de aprendizaxe.

Desenvolveranse metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais en distintos soportes.

Fomentarase a participación activa do alumnado nas actividades propias da materia e nos proxectos de centro, para que as aprendizaxes sexan máis prácticas e duradeiras.

Ao final de cada unha das unidades didácticas propiciarase a reflexión persoal sobre o traballo realizado e os novos coñecementos adquiridos.

Ao longo de todo o curso participarase en diferentes proxectos de investigación, en colaboración con outros departamentos do centro. A realización destes proxectos cumpre unha función educativa importante, xa que habitúa ao alumnado a afrontar e resolver determinados problemas con relativa autonomía, a formular por si mesmos preguntas, adquirir experiencia na procura de información e, ademais, permite un mellor entendemento dun proceso de ensinanza-aprendizaxe que debe funcionar coma un todo, superando as barreiras que separan as distintas materias e evitando que estas sexan consideradas compartimentos estancos.

Os ditos proxectos estarán integrados por distintas tarefas e actividades que o alumnado irá cumprimentando ao longo do curso e, na medida do posible, estarán relacionados con temas atractivos para o alumno (a ser posible da súa contorna habitual) . Serán realizados, preferentemente, en equipo e poñendo a disposición do alumnado os recursos TIC necesarios para a coordinación, comunicación e elaboración do mesmo.

En resumo, a liña metodolóxica que levaremos a cabo implica dar especial importancia a indagación a través do traballo por proxectos, que a través do uso das ferramentas TIC, material e espazos do centro a disposición do alumnado, etc., debe permitir darlle ás e os estudantes a posibilidade de relacionar aspectos/procedementos e contidos de distintas materias, desenvolvendo así as competencias da etapa de maneira holística.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1.- Material didáctico elaborado polo profesorado do departamento.
2.- Recursos escritos.
3.- Recursos gráficos.
4.- Recursos audiovisuais.
5.- Recursos dixitais.
6.- Fondos da biblioteca do centro.
7.- Caderno ou cartafol de traballo do alumnado.
8.- Edixgal / Aula Virtual do centro.

- 1.- Apuntamentos, resumos, presentacións, etc. que se ofreceran ao alumnado tanto en soporte físico como dixital.
- 2.- Informes estatísticos, textos, artigos de prensa, etc.
- 3.- Mapas, imaxes, esquemas, bosquejos, fotografías.
- 4.- Documentais, secuencias de filmes, ...
- 5.- Páxinas web, aplicacións dixitais, actividades interactivas, ...
- 6.- Farase unha proposta de libros de lectura, procurando en todo momento a existencia de exemplares dispoñibles para o seu uso na nosa biblioteca.
- 7.- Caderno o cartafol de traballo. O alumnado plasmará nel as tarefas de xeito ordenado e con boa presentación. Será unha mostra do traballo das e dos estudantes, e do seu progreso.
- 8.- Os recursos que se ofrecen a través de Edixgal ou da Aula Virtual poden realizarse e entregarse a través da plataforma. Esta tamén permite ao docente deseñar diferentes tipos de tarefas avaliábeis, e comunicarse co alumnado.

En definitiva, deben empregarse diferentes materiais didácticos coa finalidade de diversificar non só a metodoloxía didáctica senón tamén a aprendizaxe individual.

Hoxe en día o manexo das TIC son necesarias pois ofrecen moitas vantaxes pero o docente será selectivo no seu emprego e transmitirá ao alumnado a necesidade do uso responsable.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso realizarase unha proba diagnóstica inicial co fin de detectar o nivel de competencia e a capacidade dos/das alumnos e alumnas. Así mesmo permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado para, en consecuencia, poder establecer as medidas oportunas para atender á diversidade que nos atopamos na aula. Dita proba consistirá en exercicios orais e escritos relacionados coa materia.

Así mesmo, ao comezo de cada UD farase tamén unha proba de avaliación inicial coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes. Dita proba inicial realizarase axustándose a cada unidade, pero en liñas xerais consistirá na elaboración de cuestionarios, tormenta de ideas e pequenos debates.

Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información sobre a predisposición do alumnado cara o tema que se vai a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais dá pé a definir a didáctica e a metodoloxía para abordar a UD.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>17</b>	<b>16</b>	<b>17</b>	<b>16</b>	<b>15</b>	<b>13</b>	<b>6</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	50	50	50	50	50	50	50	<b>50</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	50	50	50	50	50	50	50	<b>50</b>

### Criterios de cualificación:

Coa fin de garantir o dereito do alumnado a que o seu rendemento escolar sexa valorado conforme a criterios de plena obxectividade, os criterios de cualificación que serán os seguintes:

- A relación entre a nota numérica e a nominativa é consonte á normativa.
- A materia que é obxecto de avaliación en cada trimestre está recollida nesta programación no apartado de temporalización .
- A nota numérica de cualificación da 1ª, 2ª e 3ª avaliación calcularase como segue:

- 50%: Probas escritas
- 45%: Actividades individuais da materia, actitude e participación.
- 5%: Proba de expresión oral
- Nas probas escritas, será imprescindible obter unha cualificación de cando menos un 35% do total da puntuación para poder obter unha cualificación de aprobado en cada avaliación. No caso de non acadar esa puntuación nunha proba, conservarase a cualificación do resto das probas e actividades, tendo que recuperar unicamente esa parte.
  - No caso de constatarse que alguén fixo un exame fraudulento (copiar doutro/a compañeiro/a, levar “chuletas”, coñecer previamente o exame, cambiar o exame unha vez que este corrixido ...) terá unha puntuación dun 0 na proba escrita correspondente; o mesmo ocorrería no caso das actividades e traballos (copia de traballos de internet ou de outras persoas do grupo...)
  - Para determinar a nota da avaliación ordinaria todas as avaliacións teñen o mesmo peso, farase unha media aritmética das tres avaliacións, tendo en conta que:
    - No caso de que alguén suspenda algunha das avaliacións, poderá recuperala presentándose a unha proba escrita sobre a totalidade da materia de cada avaliación. A cualificación da recuperación non poderá ser superior á máxima nota acadada polo resto de alumnado na correspondente avaliación.
    - Cando todas as avaliacións teñan unha nota igual ou superior a 5 a materia estará superada e a nota final será media das tres avaliacións
    - Cunha avaliación suspenda cunha nota non inferior a 4 e unha media das tres avaliacións igual ou superior a 5 a materia considérase aprobada
    - No caso de ter unha avaliación suspenda cunha nota inferior a 4 a materia está suspenda
    - No caso de ter dúas ou máis avaliacións suspendas a materia estará suspenda e a nota final será inferior a 5
    - A nota media de tódalas avaliacións terá como referente básico o número enteiro da mesma. Nas avaliacións o redondeo cara arriba só se fará no caso de que sexa igual ou superior a 75 centésimas, este redondeo está condicionado a unha actitude positiva do alumno cara a materia e o traballo. De calquera modo, para facer as medias para da avaliación ordinaria tómase como referencia a nota exacta con decimais de cada unha das avaliacións, sen redondeo. A cifra resultante si poderá redondearse coas mesmas condicións que en cada avaliación.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación serán variados para permitir avaliar distintas capacidades e o diferente nivel de adquisición dos contidos. Teranse en conta os seguintes feitos:
  - Observación directa do traballo realizado na clase mediante a revisión de cadernos e valoración da actitude, esforzo e interese. Para iso utilizaranse diarios ou fichas de alumnos e escalas de estimación.
  - Avaliación de traballos mediante rúbricas, que serven de guía para avaliar o nivel de desempeño dunha tarefa.
  - Probas escritas, que constarán de dous tipos de preguntas:
  - Preguntas prácticas consistentes na localización, lectura, interpretación, explicación e análise crítica dun



documento gráfico relacionado coas destrezas e habilidades xeográficas fundamentais.

- Cuestións teóricas referidas aos temas extraídos dos bloques de coñecemento.
- Nas valoracións das probas escritas e dos traballos, ademais dos contidos, terase en conta tamén:
  - Corrección, coherencia e adecuación da expresión escrita aos contidos que se pretenden explicar.
  - Orde, limpeza e estrutura dos traballos presentados.
  - Ortografía correcta (restarase un 10% da cualificación final da proba/tarefa/traballo por cada 10 faltas de ortografía).

### **Criterios de recuperación:**

Co alumnado que non aprobe as avaliacións levarase a cabo un plan de recuperación que consistirá na elaboración dunhas fichas de reforzo con diferentes propostas de tarefas competenciais sobre os temas traballados nas unidades da avaliación xunto coa preparación dunha serie de preguntas de exame sobre ditos contidos. O docente titorizará este traballo para resolver dúbidas ou/e corrixir aqueles aspectos que sexan precisos. Farase unha proba escrita de recuperación por trimestre sobre as preguntas propostas polo docente e que foron previamente traballadas polo/a alumno/a que se cualificará nunha escala de 1 a 10 (especificando en cada pregunta o seu valor). En relación á parte práctica este deberá ser entregado no prazo indicado e será puntuado seguindo as rúbricas: excelente 4; ben 3; regular 2; inadecuado 1, calculando logo a media. Para calcular a nota da recuperación considerarase o 50% das probas escritas e o 50% dos traballos e será o resultado de:  $\text{Nota recuperación da avaliación non superada} = [\text{Media Ex.} + \text{Media rúbricas T.I.}] / 2$ . Levarase a cabo un redondeo da cualificación e este será á alza no caso de que sexa igual ou superior a 75 centésimas. A avaliación considerarase aprobada cando se obtén 5 ou máis. Concretamos que a construción da nota da avaliación a recuperar establécese cos instrumentos da recuperación.

Todo o traballo será guiado polo docente e este estará en disposición de realizar as aclaracións e correccións que sexan pertinentes para promover unha recuperación positiva. No caso de que non se recupere a avaliación, o alumnado poderá someterse a outra recuperación cando o docente o considere pertinente consistente na realización dun exame escrito puntuado nunha escala de 1 a 10 e sobre as preguntas mandadas realizar polo/a profesor/a no inicio do plan de recuperación, non tendo que presentar o traballo se este xa foi entregado e valorado positivamente, en caso contrario, si debe, adxuntalo de novo.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O alumnado coa materia pendente será convocado pola persoa que ocupa a xefatura do departamento ao inicio do curso para explicarlle o plan de recuperación. Este consistirá na elaboración dun cartafol de traballo baseado en tarefas a través das cales se traballan as competencias básicas. Ademais disto terán que realizar exames escritos sobre preguntas relacionados cos contidos das UD de cada avaliación..

O alumnado será titorizado regularmente, o que permitirá facer un seguimento do seu traballo e aclarar as dúbidas que se lle presenten.

A entrega do cartafol de traballo e a realización do exame será por trimestre.

Os procedementos e instrumentos de avaliación serán variados para permitir avaliar distintas capacidades e o diferente nivel de adquisición dos contidos. Teranse en conta os seguintes feitos:

a) Observación directa do traballo realizado de cada unidade didáctica, mediante a revisión do caderno de tarefas.

b) Avaliación de traballos mediante rúbricas, que serven de guía para avaliar o nivel de desempeño dunha tarefa.

c) Probas escritas (farase unha por avaliación), que constarán de dous tipos de preguntas:

- Preguntas prácticas consistentes na localización, lectura, interpretación, explicación e análise crítica dun documento gráfico relacionado coas destrezas e habilidades xeográficas fundamentais.



- Cuestións teóricas referidas aos temas extraídos dos bloques de coñecemento.

Nas valoración das probas escritas e dos traballos, ademais dos contidos, terase en conta tamén:

- Corrección, coherencia e adecuación da expresión escrita aos contidos que se pretenden explicar.
- Orde, limpeza e estrutura dos traballos presentado.
- Ortografía correcta.

A nota media da 1ª, 2ª e 3ª avaliación calcularase como segue:

- 50%: Proba escrita
- 50%: Tarefas

No caso de constatare que alguén fixo un exame fraudulento (copiar doutro/a compañeiro/a, levar "chuletas", coñecer previamente o exame, cambiar o exame unha vez que este corraxido ...) terá unha puntuación dun 0 na proba escrita correspondente; o mesmo ocorrería no caso das actividades e traballos (copia de traballos de internet ou de outras persoas do grupo).

Para determinar a nota da avaliación ordinaria todas as avaliacións teñen o mesmo peso, farase unha media aritmética das tres avaliacións, tendo en conta que:

- No caso de que alguén suspenda algunha das avaliacións, poderá recuperala do seguinte xeito: no caso de que non aprobase o exame realizaráselle, cando se indicase, unha recuperación consistente nunha proba escrita en base ás preguntas relacionadas cos contidos das UD da dita avaliación e puntuada nunha escala de 1 a 10; non tendo que presentar o traballo se este xa foi entregado e valorado positivamente, en caso contrario, si debe corraxilo e entregalo de novo.
- Cando todas as avaliacións teñan unha nota igual ou superior a 5 a materia estará superada e a nota final será media das tres avaliacións.
- Cunha avaliación suspensa cunha nota non inferior a 4 e unha media das tres avaliacións igual ou superior a 5 a materia considérase aprobada.
- No caso de ter unha avaliación suspensa cunha nota inferior a 4 a materia está suspensa.
- No caso de ter dúas ou máis avaliacións suspensas a materia estará suspensa e a nota final será inferior a 5.

Respecto á atención á diversidade, segundo o artigo 51º da Orde do 8 setembro 2021, establécese un plan de reforzo que será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Todas as medidas de atención á diversidade que sexa necesario aplicar estarán sempre consensuadas co departamento do Orientación do centro.

As medidas para o alumnado que presente dificultades puntuais na materia poderán ser:

- Reforzos puntuais a través de explicacións individualizadas durante a clase ou fóra dela.
- Actividades e exercicios adicionais de repaso e consolidación.
- Bibliografía adicional e relación de páxinas Web que permitan aos alumnos repasar e afondar nos aspectos máis complexos traballados na aula.

As medidas para o alumnado con NEAE serían:

- A adaptación de obxectivos, contidos e actividades propostas na programación das unidades.
- Adaptación de tempos e/ou materiais nas probas.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Educación cívico-social					X		X
ET.2 - Educación ambiental							X
ET.3 - Educación para a igualdade	X	X					X
ET.4 - Emprendemento							X
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible							X
ET.7 - Educación para a paz					X		X
ET.8 - Educación para o consumidor.							X

### Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

Así mesmo, a comunicación audiovisual dun xeito responsable será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades. No tocante á comunicación terá un maior peso nas unidades que promovan o debate.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

Importante na materia de Xeografía e Historia é a Educación cívica e constitucional que tamén será un tema que pode retomarse en todas as unidades non só como tema a dar senón tamén como actitude do alumnado na aula de respecto, tolerancia nos traballos, debates, etc.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita á cidade de León	Visita, dun día de duración, á cidade de León para disfrutar do seu patrimonio artístico e cultural.			X
Proxección de cine de interese pedagóxico	Filmes ou fragmentos escollidos, para ser traballados e comentados.	X	X	X

### Observacións:

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina.

Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real .

A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.

- Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:

- Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.
- Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.
- Unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.

Calquera actividade complementaria proposta deberá axudar a reforzar os contidos desdenvolidos nas distintas unidades didácticas do curso. Asemade, cada actividade contará coa aprobación e apoio do Equipo Directivo do centro.

- Para cada actividade complementaria indicaranse as seguintes características:

- Obxectivos.
- Profesorado responsable.
- Alumnado participante.
- Datas e lugar de celebración.
- Repercusións económicas.

### **8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
22.- Ofréncense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.
23.- Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
24.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.
27.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...

Metodoloxía empregada
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
12.- Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
13.- Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
16.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
17.- Combínase o traballo individual e en equipo.
19.- Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
21.- Préstase atención aos elementos transversais.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
18.- Poténcianse estratexias de animación á lectura.
20.- Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe.
Medidas de atención á diversidade
7.- Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
8.- Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
14.- Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
15.- Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.
26.- As medidas de apoio, reforto, etc. están claramente vinculadas aos obxectivos e contidos da materia.
Clima de traballo na aula
3.- Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
5.- Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.
25.- Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.

### Descrición:

Para avaliar a práctica docente e a programación didáctica utilizaranse diarios nos que se farán reflexións sobre o progreso observado no día a día, a través do "feed back" diario que facilita a observación da práctica educativa ou as tarefas que realizan os alumnos, isto permitirá realizar modificacións, o que supón unha adaptación ás circunstancias nas que se están levando a cabo os procesos de ensinanza-aprendizaxe.

Para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente, desde o Departamento de Xeografía e Historia establécense os indicadores de logro sinalados neste apartado.

Os doce primeiros son os indicadores para avaliar o proceso de ensino, mentres que os dezasete restantes servirán para avaliar a práctica docente. Empregarase unha escala de 1 a 4 en todos eles, sendo un (1) o nivel máis baixo e catro (4) o nivel máis alto de consecución en cada un dos indicadores.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da presente programación supón o seu seguimento a través da aplicación Proens por períodos de avaliación por parte do profesorado que impartan as diversas materias e nas reunións mensuais do departamento. Nas reunións de departamento analizarase o grao de cumprimento dos obxectivos programados e as dificultades atopadas e poderanse introducir as medidas correctoras que se estimen oportunas. Todos os problemas detectados teranse en conta na Memoria Final para introducir as modificacións precisas na programación do vindeiro curso.

Para avaliar a programación teranse en conta os seguintes criterios:

- Consecución de obxectivos: Capacitación progresiva do alumnado nas competencias básicas.
- Evolución progresiva do alumnado na comprensión dos fenómenos histórico-artísticos e dos seus factores multicausais.
- Evolución progresiva no coñecemento e manexo das técnicas de estudo propias das Ciencias Sociais.
- Progresiva asimilación de valores e actitudes propios dunha sociedade plural, solidaria e democrática.
- Progresiva adquisición de autonomía no proceso de aprendizaxe: obtención, selección e contraste da información obtida.
- Contribución ao desenvolvemento das competencias dixital e competencia para aprender a aprender.
- Progresiva evolución nas técnicas de lectura comprensiva e de expresión, necesarias para un discurso intelixible e minimamente coherente.
- Adecuación dos obxectivos ao nivel académico do grupo detectado na avaliación inicial.
- Adecuación dos contidos programados e da súa secuenciación ou temporalización prevista.
- Neste aspecto terase en conta a normativa vixente que considera conforme a programación se se cumpre ao menos un 75% dos contidos programados ao principio do curso, se non hai unha desviación na programación por avaliación máis aló dun 20% dos contidos programados ou incluso, nestes casos, cando as razóns sexan de carácter externo e/ou non imputables ao departamento.
- Validez das estratexias metodolóxicas empregadas para a adquisición dos novos contidos.

Ao remate do curso realizarase unha avaliación da programación mediante unha táboa de cotexo, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación. Na última semana do curso realizarase entre o alumnado unha avaliación da actividade docente, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

## 9. Outros apartados

### 1. Plan Lector e fomento da actividade oral e escrita.

No curso 2008-2009, aprobouse neste centro o Plan lector. Este integra tódalas intervencións do centro para o fomento da lectura, da escritura e das habilidades informáticas. En consecuencia, tódalas actividades desta materia encamiñadas a obter a competencia en comunicación lingüística, tratamento da información e a competencia dixital, competencia cultural e artística e a competencia para aprender a aprender realizadas dende esta materia formarán parte de dito Plan.

En cada avaliación proporanse unha serie de lecturas obrigatorias, cuxa avaliación se contabilizará no apartado 5.2 desta programación, dentro do punto de "actividades individuais".

### 2. Información á comunidade educativa.

O profesor responsable da materia informará dos aspectos máis destacados desta programación especialmente dos que atinxen a criterios de avaliación, procedementos de avaliación, criterios de cualificación, actividades complementarias e actividades de recuperación e reforzo. De igual xeito, darase a maior publicidade posible a estes apartados a través da páxina web do centro.

A programación completa publicarase na páxina web do centro para que toda a comunidade educativa poida acceder a súa consulta.